

Á CONSELLERÍA DE ECONOMÍA E INDUSTRIA  
DIRECTOR TERRITORIAL DE A CORUÑA, (Sección Minas)

**ASUNTO:** requirimento de emenda da solicitude de recoñecemento da condición de persoa interesada no procedemento, actualmente en trámite nesta Administración, relativo ao Proxecto Cobre San Rafael que pretende implantarse nos concellos de Touro, O Pino e Arzúa (A Coruña) e Vila de Cruces (Pontevedra) promovido pola sociedade Cobre San Rafael SL.

D/Dª.....  
maior de idade, actuando en nome propio, con DNI....., e domicilio a efectos de notificación en .....,  
recibiu o requirimento de emenda antes sinalado, e **fai constar:**

1. Que segundo dispoñen os puntos 1.b e 1.c do **artigo 4 da Lei 39/2015**, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, **considéranse persoas interesadas no procedemento administrativo as que, sen inicialo, teñan dereitos que poidan resultar afectados pola decisión que no mesmo se adopte (1b)**, así como aquelas cuxos intereses lexítimos, individuais ou colectivos, poidan resultar afectados pola resolución e comparezan no procedemento en tanto non recaese resolución definitiva (1c).

2. Que **son dereitos fundamentais recollidos pola Constitución Española (CE), o dereito a desfrutar dun medio ambiente adecuado para a saúde das persoas** (art. 45.1 da CE) ou o dereito **á protección da saúde** das persoas (art. 43.1 da CE), así como o **dereito á vida e á integridade física e moral** (art. 15 da CE). Na mesma dirección apuntan os artigos 1 e 2.5 do Convenio de Aarhus, ratificado por España, ou o artigo 27 da Directiva 2010/75 de emisións industriais.

3. Que, como queda patente na documentación presentada polos promotores do proxecto, **as afeccións dun proxecto mineiro a ceo aberto non se circunscriben exclusivamente ao perímetro afectado**, senón que o ruído e vibracións das voaduras diarias, as toneladas de pó e partículas contaminantes que se emitirán a atmosfera, as miles de toneladas de CO2 que se enviarán a atmosfera, as verteduras de augas industriais ao sistema hídrico da zona, que remata na bacía do Ulla etc.... afectarán a veciñanza moito máis aló da contorna do proxecto mineiro. Isto xera tanto perda de valor nas propiedades<sup>1</sup> como perda de calidade de vida e afeccións á saúde á veciñanza, que xa se puxeron de manifesto durante o período de alegacións. E iso sen mencionar a ocorrencia dun accidente como a rotura dunha das enormes balsas de lodos que poría en risco incluso bens e vidas humanas a quilómetros.

4. Que, **da mesma maneira que as afeccións do proxecto mineiro a ceo aberto van máis alá do perímetro exclusivamente afectado polo mesmo, as persoas que se consideren interesadas tampouco poden cingirse en exclusiva a aquelas que posúan bens directamente afectados**, polo que considero queda acreditado o meu interese lexítimo a ostentar a condición de persoa interesada na tramitación do proxecto

5. Que, segundo o artigo 53 da dita Lei 39/2015, os interesados nun procedemento administrativo teñen, entre outros dereitos, o de coñecer en calquera momento o estado da tramitación, acceder e obter copia dos documentos contidos nel, utilizar os medios de defensa admitidos polo Ordenamento Xurídico, ou a achegar documentos en calquera fase do procedemento anterior ao trámite de audiencia. Incluso obter información e orientación acerca

---

<sup>1</sup> <https://www.lne.es/economia/2013/11/18/gijon-cuencas-encabezan-ano-caida-20531248.html>

dos requisitos xurídicos ou técnicos que a lexislación vixente impón aos proxectos e actuacións que se pretenden levar a cabo.

Por todo o anterior,

**SOLICITO** que por parte desa administración se me recoñeza a condición de persoa interesada e se me teña por persoada no procedemento administrativo arriba indicado, a fin de poder exercer os dereitos previstos na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

En .....a .....de.....de 2025

Asinado